

CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 24 de maio de 2018, aprobou por asentimento:

Primeiro: A creación con carácter provisorio o cargo de DPD, cuxa figura máis próxima na estrutura administrativa da universidade é o valedor da comunidade. O DPD será nomeado polo Consello de Goberno, previa proposta do/a reitor/a, e mentres non se coñeza con exactitude o alcance das súas funcións terá rango equivalente ao de director de departamento/instituto; contará cun complemento específico por tal cargo de 367,03 euros por mes e cunha redución da actividade docente de 90 horas por ano.


Segundo: A incorporación do DPD como cargo académico específico proposto por normativa (apartado 2.1) no Anexo do Acordo do Consello de Goberno do 31 de xaneiro de 2017, sobre a reorganización e a redución docente do complemento económico dos cargos académicos e outras designacións da Universidade de Santiago de Compostela.

Terceiro: A Universidade poñerá a disposición do DPD os recursos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións e atribuirá ao reitor/a as competencias para adopción das decisións executivas co fin de asegurar o seu inmediato desenvolvemento. Co tempo, se procederá a organizar unha oficina administrativa propia, asignar unha partida orzamentaria, dotar do persoal necesario e dispoñer dun software específico para o cumprimento das ditas funcións.

Cuarto: A secretaria xeral procederá no día de hoxe a tramitar a comunicación á Axencia Española de Protección de Datos do nomeamento do DPD da Universidade de Santiago de Compostela.

Quinto: O presente acordo entrará en vigor o día de hoxe trala súa inmediata aprobación polo Pleno ordinario do Consello de Goberno do 24 de maio de 2018 e a publicación no Taboleiro Electrónico.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a 1 de xuño de 2018, co Vº e Prace do sr. reitor.

Vº e prace
O reitor

Juan M. Viaño Rey







ACORDO DO PLENO ORDINARIO DO CONSELLO DE GOBERNO DO 24 DE MAIO DE 2018 PARA O NOMEAMENTO E DETERMINACIÓN DO RÉXIME XURÍDICO BÁSICO DO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O dereito á protección de datos amósase como un dereito fundamental de todas as persoas consistente na facultade de control dos seus datos persoais e da capacidade para dispoñer e decidir sobre eles, alén de defenderse fronte ás agresións da súa privacidade. Foi a sentenza do Tribunal Constitucional 292/2000, do 30 de novembro, a que o situou no ámbito do artigo 18.4 da Constitución, a saber: *“La ley limitará el uso de la informática para garantizar el honor y la intimidad personal y familiar de los ciudadanos y el pleno ejercicio de sus derechos”*.

Con esta doutrina seguíronse as previsións do Dereito comparado e do Dereito internacional. Así, pode citarse, no seo do Consello de Europa, o “Convenio nº 108 do 28 de xaneiro de 1981, para a protección das persoas con respecto ao tratamento automatizado de datos de carácter persoal”; ou, no ámbito da Unión Europea, hai que recordar a Directiva 95/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de outubro de 1995, relativa a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos. En España, a anterior *Ley Orgánica 5/1992, de 29 de octubre, de Regulación do Tratamento Automatizado de Datos de Carácter Persoal*, foi substituída pola *Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Persoal*, hoxe en día en vigor.

A evolución da realidade social e da tecnoloxía dixital levou á Unión Europea a reformar a normativa de protección de datos a través do Regulamento 2016/679, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que atangue ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE –en adiante, Regulamento. Trátase dun cambio de moita relevancia, pois pásase dun sistema reactivo de protección de datos (a través da inscrición de ficheiros) a un modelo de supervisión continua e cotiá.

O Regulamento europeo 2016/679 xa está en vixente, pero non será executivo ata o vindeiro 25 de maio de 2018, data na que tódolos os organismos públicos deberán contar cun delegado de protección de datos –en adiante, DPD.

De acordo co artigo 37.1 do Regulamento, o responsable e o encargado del tratamento “designarán un delegado de protección de datos sempre que: a) o tratamento o leve a acabo unha autoridade u organismo público (...)”. Sendo neste caso o responsable a propia universidade, como persoa xurídica, e o seu reitor, como máxima autoridade que a representa, de modo que, a proposta deste último, o Consello de Goberno debe nomear ao DPD da Universidade de Santiago de Compostela.

O nomeamento do DPD é obrigatorio e se fará, segundo o artigo 37.5 do Regulamento, “atendendo as súas calidades profesionais e, en particular, aos seus coñecementos especializados de Dereito e da práctica na materia de protección de datos”.

O DPD exercerá as seguintes funcións, consonte os artigos 38.4 e 39 do Regulamento:

- a) Informar e asesorar ao responsable ou ao encargado do tratamento e aos empregados que se ocupen do tratamento das obrigacións que lles incumben;
- b) Supervisar o cumprimento da normativa de protección de datos, incluíndo a asignación de responsabilidades, a concienciación e formación do persoal que participa nas operacións de tratamento, e as auditorías correspondentes;
- c) Ofrecer o asesoramento que se lle solicite sobre avaliación de impacto no tratamento de datos e supervisar a súa aplicación;
- d) Dilixenciar as cuestións que os interesados lle formulen no ámbito do tratamento dos seus datos persoais e o exercicio dos seus dereitos;
- e) Cooperar coa autoridade de control (no noso caso, a Axencia Española de Protección de Datos); e
- f) Actuar como punto de contacto da autoridade de control.

No exercicio das súas funcións, o DPD, segundo o artigo 38 do Regulamento, será apoiado polo responsable e polo encargado de protección de datos, os que lle facilitarán o acceso aos datos persoais e ás operacións de tratamento, pero:

- a) Manterá unha total independencia e autonomía no desenvolvemento das súas funcións, sen recibir instrución algunha dos ditos responsable e do encargado de protección de datos; e, polo anterior,
- b) Non será destituído nin sancionado polos ditos responsable e encargado de protección de datos, de xeito que renderá contas directamente ao máis alto nivel xerárquico, é dicir, ao reitor/a.

Son obrigas do responsable e do encargado de protección de datos, segundo o artigo 38 do Regulamento:

- a) Fornecer os recursos necesarios para o desenvolvemento das funcións do DPD; e

b) Asegurar a formación continua no ámbito dos coñecementos especializados que o DPD precisa.

Son deberes do DPD, segundo o artigo 38 do Regulamento:

- a) Gardar o segredo e a confidencialidade no que atinxe ao desenvolvemento das súas funcións; e,
- b) Non ter conflito de intereses con outras funcións o cometidos que puidera libremente asumir.

Na entidade de referencia, se disporá dunha estrutura administrativa que, independente da configuración do apoio administrativo ao DPD, asegure o desenvolvemento das súas funcións. Esa estrutura debera contar con, consonte os artigos 4 e concordantes do Regulamento:

a) O responsable do tratamento ou do ficheiro, que será unha persoa física ou xurídica (neste último caso, de natureza pública ou privada) ou un órgano administrativo que decida sobre a finalidade, contido e uso do tratamento aínda que non o execute material e directamente; e,

b) O encargado do tratamento, é dicir, a persoa física ou xurídica (neste último caso, de natureza pública ou privada) ou un órgano administrativo que, solo o conxuntamente con outros, trate os datos persoais a cargo do responsable do tratamento como consecuencia da existencia dunha relación xurídica que lle vincula con aquel e lle delimita o ámbito de actuación. Por iso, cómpre elevar ao Pleno do Consello de Goberno esta proposta de acordo polo que se institúe o cargo de DPD, se modifica en consonancia a Táboa de Cargos, e se determina o seu réxime xurídico básico.

Por tódolo anterior, cómpre elevar ao Pleno do Consello de Goberno esta acordo polo que se institúe o cargo de DPO, se modifica en consonancia a Táboa de Cargos, e se determina o seu réxime xurídico básico.

E, consonte o dito, se dispón:

Primeiro: A creación con carácter provisorio o cargo de DPD, cuxa figura máis próxima na estrutura administrativa da universidade é o valedor da comunidade. O DPD será nomeado polo Consello de Goberno, previa proposta do/a reitor/a, e mentres non se coñeza con exactitude o alcance das súas funcións terá rango equivalente ao de director de departamento/instituto; contará cun complemento específico por tal cargo de 367,03 euros por mes e cunha redución da actividade docente de 90 horas por ano.

Segundo: A incorporación do DPD como cargo académico específico proposto por normativa (apartado 2.1) no Anexo do Acordo do Consello de Goberno do 31 de xaneiro de 2017, sobre a reorganización e a redución docente do complemento económico dos cargos académicos e outras designacións da Universidade de Santiago de Compostela.

Terceiro: A Universidade pondrá a disposición do DPD os recursos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións e atribuirá ao reitor/a as competencias para adopción das decisións executivas co fin de asegurar o seu inmediato desenvolvemento. Co tempo, se procederá a organizar unha oficina administrativa propia, asignar unha partida orzamentaria, dotar do persoal necesario e dispoñer dun software específico para o cumprimento das ditas funcións.

Cuarto: A secretaria xeral procederá no día de hoxe a tramitar a comunicación á Axencia Española de Protección de Datos do nomeamento do DPD da Universidade de Santiago de Compostela.

Quinto: O presente acordo entrará en vigor o día de hoxe trala súa inmediata aprobación polo Pleno ordinario do Consello de Goberno do 24 de maio de 2018 e a publicación no Taboleiro Electrónico.